

CONVENIO COLECTIVO ESTATAL DE EMPRESAS DE MENSAXERÍA

(Ano 2007)

(Publicado no BOE núm. 296, do 12 de decembro de 2006)

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Ámbito funcional e persoal.

1. O presente convenio regula as relacións laborais entre as empresas dedicadas á prestación de servizos de mensaxería e o seu persoal.
2. O convenio foi suscrito, por unha banda, pola Asociación Española de Empresas de Mensaxería, e, por outra, pola centrais sindicais de Unión Xeral de Traballadores (UGT) e Comisións Obreiras (CCOO).

Artigo 2. Ámbito xeográfico.

O seu ámbito xeográfico esténdese por todo o territorio do Estado español.

Artigo 3. Duración.

1. O convenio entrará en vigor o día do seu asinamento e a súa vixencia estenderase ata o 31-12-07.
2. Os seus efectos económicos desenvólvense ao longo do presente convenio.

Artigo 4. Denuncia.

O convenio finalizará o 31-12-07 sen necesidade de denuncia e sen prexuízo de que as partes, se así o acordasen, puidesen prorrogar a súa vixencia.

Artigo 5. Compensación e absorción.

1. As condicións que se pactan no presente convenio substitúen na súa totalidade ás que ata o seu asinamento rexían nas empresas por calquera pacto, causa ou orixe.
2. As disposicións legais futuras que puidesen supoñer un cambio económico en todos ou algúns dos conceptos retributivos pactados no presente convenio, ou supuxesen a creación doutros novos, unicamente terán eficacia práctica cando, considerados nas súas totalidade e en cómputo anual, superen aos establecidos neste convenio, debéndose entender en caso contrario absorbidos polas condicións pactadas no mesmo.

Artigo 6. Garantía «ad personam».

Respectaranse as condicións persoais que, consideradas no seu conxunto e en cómputo anual, fosen máis beneficiosas que as que se establecen neste convenio, manténdose estritamente «ad personam».

Artigo 7. Vinculación á totalidade.

No caso de que a xurisdición laboral declarase contrario ás disposicións legais vixentes no momento do asinamento do convenio algún dos pactos do mesmo, este quedará nulo na súa totalidade, comprometéndose ambas as partes a renegocialo de novo.

Artigo 8. Comisión paritaria.

1. Co fin de velar pola correcta aplicación e cumprimento do contido do presente convenio, créase unha comisión mixta paritaria que entenderá de todas as cuestións relacionadas coa interpretación das normas contidas nel

2. A comisión mixta estará formada por 3 membros de UGT e 3 membros de CCOO, e 6 membros en representación da Asociación Española de Empresas de Mensaxería e outros tantos suplentes, designados por cada unha das referidas entidades.

3. Para que exista acordo, requirirase o voto acorde dun 50 %, como mínimo, de cada unha das dúas representacións.

4. Das reunións celebradas pola comisión redactarase acta nas que figurarán as decisións tomadas, debéndose ser asinadas as actas pola totalidade dos membros asistentes a estas.

5. A comisión estará domiciliada na sé de A.E.M., avenida de Brasil, número 4, escaleira 4, piso 11.º, porta C, onde se custodiará o libro de actas da devandita comisión.

6. A comisión elixirá de entre os seus membros a un presidente e a un secretario. De non haber acordo na elección, designarase por sorteo.

7. A comisión reunirse cando o solicite un mínimo de 3 membros desta.

Artigo 9. Dereito supletorio e concorrencia de convenios.

1. No non regulado polo presente convenio estarase ao disposto nas normas legais de carácter xeral.

2. O presente convenio ten carácter de norma exclusiva e excluín-te. Teñen a consideración de materias non negociábeis en ámbitos inferiores o período de proba, os grupos profesionais, as modalidades de contratación e o réxime disciplinario.

CAPÍTULO II

Organización do traballo

Artigo 10. Facultades da dirección.

1. A organización do traballo en cada un dos centros, dependencias e unidades da empresa é facultade exclusiva da dirección desta, de acordo co previsto legal e convencionalmente.

2. En desenvolvemento do disposto no parágrafo anterior a dirección da empresa -a título enunciativo que non limitativo- terá as seguintes facultades:

- a) Crear, modificar, trasladar ou suprimir centros de traballo.
- b) Adscribir os traballadores ás tarefas, rutas, quendas e centros necesarios en cada momento, propias da súa categoría.
- c) Determinar a forma de prestación do traballo en todos os seus aspectos: relacións coa clientela, uniformes, impresos a cubrir, etc.
- d) Determinar os rendementos mínimos correspondentes a cada posto de traballo, tendo en conta o disposto especificamente no artigo 26 deste convenio.
- e) Calquera outras necesarias para o bo funcionamento do servizo.

Artigo 11. Mobilidade.

1. A dirección da empresa poderá cambiar os seus traballadores de posto de traballo, dentro do mesmo centro ou trasladándoos a outro distinto, dentro da mesma localidade, destinándoos a efectuar estas ou distintas funcións, conforme ao disposto no artigo anterior.
2. Igualmente poderá efectuar os cambios de horarios que estime necesarios, con respecto á xornada total pactada nos artigos 19 e 20 do presente convenio.

Artigo 12. Polivalencia e plena ocupación.

Co fin de que o traballador estea ocupado toda a xornada a dirección da empresa poderá facilitarlle as tarefas necesarias para iso, procurando respectar a profesionalidade das categorías.

Artigo 13. Cadros de persoal.

Será facultade da dirección da empresa o determinar o necesario en cada momento.

Artigo 14. Grupos e categorías profesionais.

1. A categoría profesional terá un carácter simplemente orientativo para clasificar os traballadores dentro das empresas.
2. Así como para determinar, mentres subsista o actual sistema, o seu grupo de cotización á seguridade social.
3. No anexo I deste convenio contense a relación de categorías.

CAPÍTULO III

Ingresos, cesamentos e promoción

Artigo 15. Contratación.

1. O ingreso de novos traballadores efectuarase en calquera das formas de contratación que as disposicións legais vixentes permitan en cada momento, atendendo ás necesidades das empresas.

2. Todo aspirante poderá ser sometido a un recoñecemento médico previo á contratación, a superación do cal condicionará a devandita contratación.

3. De conformidade coa previsión contida no artigo 15.1.b) do Estatuto dos Traballadores e o Real Decreto 52001, do 2 de marzo de 2001, páctase que os contratos eventuais poderán ter unha duración máxima de 12 meses dentro dun período de 18.

4. Dentro da actividade normal do sector identifícase como contrato por servizo determinado o vinculado á duración do contrato de arrendamento de servizos entre a empresa de mensaxería e o seu cliente, sempre que a prestación de servizos do traballador se realice en forma exclusiva ou preferente para o devandito cliente. Este tipo de contrato pódese estender a máis dun cliente, sempre facendo referencia a esta circunstancia e que o traballador non exceda a xornada ordinaria establecida. Estes contratos, denominados de multiservizo, deben de formalizarse por escrito e identificar suficientemente con precisión e clareza os servizos obxecto do mesmo, así como os traballos a desenvolver.

Artigo 16. Períodos de proba.

1. Nas relacións de traballo poderá estipularse -o que deberá reflectirse no respectivo contrato- un período de proba que non poderá exceder das seguintes duracións, en función das categorías:

- a) Mensaxeiros: 30 días naturais.
- b) Andaríns: 15 días naturais.
- c) Mozos ou peóns: 15 días naturais.
- d) Técnicos e titulados: 6 meses.
- e) Xefes e encargados: 3 meses.
- f) Restante persoal: 30 días naturais.

Nos contratos de traballo especiais estarase ao que se dispoña nas normas que o regulen.

2. Durante o período de proba, calquera das partes poderá rescindir en contrato sen necesidade de preaviso ou de xustificación de causa e sen dereito a indemnización.

3. O traballador percibirá, durante este período, a remuneración correspondente ao posto de traballo en que efectuou o seu ingreso na empresa.

4. Transcorrido o período de proba, sen denuncia por ningunha das partes, o traballador continuará na empresa de acordo coas condicións que se estipulen no contrato de traballo.

5. O traballador que cesase na empresa e volvese ingresar nesta, quedará suxeito igualmente ao período de proba correspondente ao novo contrato que subscriba sempre que transcorrese máis dun ano entre o seu cesamento e a nova alta e o fíxese desempeñando funcións distintas.

Artigo 17. Cesamentos.

1. Os traballadores que desexen cesar voluntariamente no servizo da empresa, virán obrigados a poñelo en coñecemento da mesma cumprindo os seguintes prazos de preaviso:

- a) Técnicos e titulados: 2 meses.
- b) Xefes, encargados e oficiais de 1.^a: 1 mes.
- c) Restante persoal: 15 días.

2. O incumprimento da obriga de preavisar coa requirida antelación, dará dereito á empresa a descontar a liquidación do traballador unha contía equivalente ao importe de medio salario por cada día de atraso no aviso.

3. No momento de causar baixa, o traballador devolverá á empresa os útiles, pezas de traballo, documentos, etc., que poida ter no seu poder e sexan propiedade daquela, condicionándose a tal entrega o aboamento da súa liquidación, nun prazo non superior a 15 días.

Artigo 18. Promoción.

1. A promoción profesional efectuarase de acorde con criterios obxectivos de idoneidade e capacidade en relación ao posto de traballo a cubrir, sen criterios discriminatorios de ningún tipo.

2. Nos centros de traballo de máis de 12 traballadores fixos (excluídos xefes e persoal de tráfico) darase preferencia ao persoal propio, fronte ao de nova contratación, cando se trate de cubrir postos de traballo vacantes.

Capítulo IV

Xornada

Artigo 19. Xornada.

A) Persoal de tráfico: A xornada ordinaria será de 38 horas semanais de traballo efectivo en cómputo mensual.

B) Restante persoal: Será de 38 horas semanais de traballo efectivo.

Artigo 20. Horarios.

A) Persoal de tráfico:

1. O horario será flexíbel, da mañá e tarde, a pactar semanalmente, entre empresa e traballadores de acordo coas necesidades do servizo.

2. Ao iniciar e rematar a xornada o traballador deberá atoparse na central, ou estar realizando un servizo previamente asignado ou fixo.

3. O traballador deberá cumprir os servizos encomendados aínda cando coa realización do último se exceda a teórica xornada diaria, sen que poida pola devandita causa abandonar o traballo ou demorar o servizo. O exceso traballado computarase na seguinte ou seguintes xornadas.

4. Logo de cada período de catro horas de condución ininterrompidas en vías interurbanas o mensaxeiro terá dereito a un período de descanso de 30 minutos que se computará coma se fose de traballo efectivo.

B) Restante persoal:

Rexerán os horarios que se pacten en cada empresa, respectando a xornada máxima establecida no artigo anterior.

Artigo 21. Vacacións.

1. Serán de 31 días naturais para o persoal que teña un ano, como mínimo, de antigüidade na Empresa. De ser menor a antigüidade disfrutárase de 2,5 días naturais por cada mes de antigüidade no momento de tomalas, computados do 1.º de agosto ao 1.º de agosto.
2. O disfrute das vacacións anuais, ao longo de todo o ano, poderá dividirse en dous ou máis períodos, se existe acordo entre empresa e traballador, procurando que coincidan preferentemente en período estival.
3. Darase preferencia á maior categoría e, dentro desta, á maior antigüidade para elixir os períodos de disfrute que sexan compatíbeis coas necesidades do servizo.
4. As vacacións aboaranse para o mensaxeiro, a razón da media salarial percibida polo traballador nos seis meses naturais anteriores ao mes en que se inicie o disfrute, excluídos gastos de locomoción, pagas extras e plus de perigosidade.

Para o restante persoal o seu importe será igual a unha mensualidade da táboa salarial en función a cada categoría.

Artigo 22. Festivos.

Disfrutaranse os correspondentes legalmente ao concello en que radique cada centro de traballo.

CAPÍTULO V

Réxime de traballo

Sección 1.ª Mensaxeiros e condutores

Subsección 1.ª Normas comúns a ambas as categorías

Artigo 23. Contido da presentación.

1. É a realización persoal de servizos de recollida, trámite, custodia, transporte e entrega de documentos e pequena paquetería.
2. O traballador realizará os servizos que se lle asignen polo xefe de tráfico ou mandos correspondentes, así como aqueloutros que deba atender dos clientes sempre que se axusten ás instrucións xerais de traballo.
3. Os servizos a efectuar son, por propia índole da actividade, cambiantes e imprevisíbeis. A asignación durante un tempo de determinados servizos ou clientes fixos non xera dereito algún a seguilos realizando.
4. O traballador efectuará os desprazamentos que sexan necesarios para a realización dos servizos que lle encomenden, debendo reparar ao seu cargo -dentro ou fóra da súa xornada- os erros de entrega que lle sexan imputábeis.

Artigo 24. Forma da prestación.

1. O traballador deberá cubrir persoal e escrupulosamente as follas de liquidación e demais documentos que as empresas implanten para o control dos servizos a efectuar, básicos para a correcta facturación destes. Así mesmo o mensaxeiro poderá solicitar copia da folla de liquidación na que conste o número de albarás para a súa posterior comprobación, asinándose o xustificante de recepción por parte da empresa sen que isto supoña a aceptación do contido destes ata a súa comprobación.
2. O traballador está obrigado a servirse do equipo de traballo e/ou uniforme que lle sexan facilitados, debendo utilizalos exclusivamente cos distintivos publicitarios e identificativos decididos pola empresa, non podendo levar ningún outro. O traballador responderá ante a empresa da perda ou deterioración do devandito equipo de traballo e ou uniforme.
3. O traballador deberá dar conta á central, inmediata e telefonicamente, de calquera anomalía producida durante a realización do seu traballo así como de calquera avaría sufrida polo vehículo empregado.
4. É facultade das empresas a determinación na forma en que deben ser prestados os servizos.

Subsección 2.^a Normas específicas para mensaxeiros

Artigo 25. Dos vehículos dos mensaxeiros.

1. O traballador que posúa a categoría de mensaxeiro deberá ser titular ou posuidor dun vehículo a motor de dous ou catro rodas en boas condicións de uso así como estar en cada momento habilitado legalmente para a súa condución.

O cumprimento de ambos os requisitos é elemento esencial para o inicio e continuación da relación laboral xa que esta ten a súa causa precisamente na posta ao servizo da empresa non só do traballador senón tamén do vehículo indispensábel para a execución do traballo.

2. Os gastos de toda índole relativos ao vehículo (compra, amortización, mantemento, seguro, combustíbel, reparacións, etc.) serán por conta do mensaxeiro, a quen a empresa, en compensación, aboará os gastos de locomoción a que se refire o artigo 32 deste convenio.

3. O mensaxeiro obrígase:

a) A dispoñer sempre dun vehículo en perfectas condicións de uso tanto materiais como administrativas.

b) A substituílo por outro de características similares en caso de roubo, perda, avaría ou inutilización temporal ou definitiva, tendo en conta o disposto no apartado 4 deste artigo.

c) Ao cumprir o establecido no código da circulación e demais normas que regulen o tráfico.

d) A coñecer os rúas urbanos e demais circunstancias de ordenación de tráfico.

e) A circular levando posto o casco, no caso de ciclomotores e motocicletas, sexa cal for a duración e percorrido urbano ou interurbano do servizo.

f) A dispor no vehículo dos elementos regulamentarios e necesarios de protección, reparación e recambio.

g) A comunicar á súa empresa, por escrito, os cambios de vehículo que utilice. O novo deberá de ser de características similares ao descrito no contrato de traballo.

4. A carencia do vehículo por parte do mensaxeiro sen que este proceda á súa substitución supón a imposibilidade de realizar a prestación obxecto do contrato polo que tal circunstancia producirá os seguintes efectos:

a) O traballador deberá comunicar inmediatamente á empresa o feito da carencia de vehículo e o prazo previsibelmente razoábel de duración de tal situación.

b) A empresa poderá ofrecer ao traballador un posto de traballo alternativo polo período de carencia do vehículo ata un máximo de 30 días naturais.

c) O traballador poderá optar entre aceptalo ou non. Se non o acepta, o seu contrato quedará en suspenso desde o primeiro día de carencia ata un máximo de 90 días.

d) Se o acepta, pasará a desempeñar o novo posto de traballo percibindo a remuneración correspondente a este. Nos primeiros tres días garáteselle, como mínimo, a percepción da retribución mínima garantida en computo diario, a que se refire o artigo 31 deste convenio.

e) Se o empresario non fixese o ofrecemento dun posto de traballo alternativo aboará ao mensaxeiro o importe dos tres primeiros días de carencia de vehículo polo valor da retribución mínima garantida quedando o contrato en suspenso a partir do 4.º día.

f) Transcorrido o prazo de 30 días a que se refire o apartado anterior a empresa poderá deixar de ofrecer ao traballador o emprego substitutorio, pasando o traballador á situación de suspensión do seu contrato ata un máximo de 90 días, a contar desde o primeiro de carencia do vehículo.

g) Chegado o día 91.º o contrato extinguirase.

h) Os prazos establecidos anteriormente teñen o carácter de máximos polo que o traballador debe comunicar á empresa a recuperación do vehículo axiña que como o teña en estado de utilización, a fin de renovar a súa prestación ordinaria como mensaxeiro.

i) A non prestación do traballo durante 15 días laborábeis no prazo de dous meses naturais consecutivos (por períodos inferiores a 4 días) será causa de extinción de contrato.

j) Para efectos do cómputo do prazo de 90 días a que se refire o apartado c) anterior consideraranse como unha soa carencia os períodos consecutivos entre os cales non medie un mínimo de 180 días.

k) A garantía de aboamento de salario durante os primeiros tres días, por avaría nas condicións previstas nos apartados anteriores, darase unha vez por cada mes natural. De se reiterar a carencia de vehículos dentro do devandito período pasarase directamente á situación de suspensión do contrato, salvo que se pactase un emprego alternativo.

l) Os días de non prestación do traballo como mensaxeiro descontaranse para efectos do cómputo de rendemento mínimo mensual a que se refire o artigo 26 deste convenio.

5. Calquera contrato entre empresario e traballador de carácter financeiro-crediticio ou arrendaticio, tendo como obxecto deste o vehículo utilizado para o traballo, será nulo e estará excluído, xa que logo, de todo vínculo na relación laboral.

Artigo 26. Rendemento mínimo exixíbel.

1. Tendo en conta a dificultade de controlar unha actividade que se presta maiormente na rúa e á vista dos estudos realizados e práctica observada, establécense as seguintes normas:

2. Chámase «dirección» ao servizo consistente en efectuar unha unidade de transporte ata calquera punto de recollida ou entrega. As direccións poden ser urxentes ou estándar. A dirección urxente consiste nun servizo directo e inmediato. Chámase dirección estándar ao servizo non urxente e combinado, cun mínimo de 7 direccións, que ten un tempo de realización de 1 a 3 horas.

Terán a consideración de dirección estándar os servizos fixos de 7 ou máis direccións, as denominadas «pontes» e os repartos orixinados en central, así como aqueles que aínda non contendo un mínimo de 7 direccións, sexan «pontes», procedan dun reparto ou sexan recollidos noutra dirección, e sempre que así conste no albará, teñan carácter de non urxentes e sexan combinados con outro destas mesmas características dentro do prazo de realización do servizo (de 1 a 3 horas) co fin de alcanzar a cifra mínima de 7 direccións. Nos albarás farase distinción do tipo de dirección (urxente ou estándar) de que se trate para o seu cómputo.

3. Enténdese por quilómetros exclusivamente os percorridos en servizos interurbanos.

Os quilómetros a computar en cada dirección son os resultantes en percorrer a ruta empregando o camiño máis curto.

Para efectos deste artigo páctase que cada seis quilómetros interurbanos equivalen a unha dirección.

4. Enténdese por tempo de espera os tempos mortos imputábeis ao cliente así como os empregados en efectuar dilixencias estáticas encomendadas por este talles como obter billetes, presentar documentos, etcétera.

Para que sexa aboábel precisárase a conformidade escrita do cliente no respectivo albará excluíndose o que non cumpra tal requisito.

Non son computábeis os primeiros cinco minutos empregados en cada servizo.

Para efectos do presente artigo cada 20 minutos computábeis equivalen a unha dirección.

5. Páctase como rendemento mínimo exixíbel ao mensaxeiro o correspondente a 488 direccións mensuais ou a súa equivalencia en quilómetros.

6. No caso de que por algunha causa prevista legal ou convencionalmente non se prestase actividade durante todos os días laborais do período contemplado, o rendemento exixíbel sería matematicamente proporcional, partindo dun cálculo teórico de 25 direccións por día laborábel. Igual criterio se seguirá no caso de traballos prestados a tempo parcial.

7. A non consecución do rendemento pactado neste artigo durante dous meses consecutivos ou tres alternos durante un período de 12 meses será motivo de despedimento do traballador por aplicación do disposto no artigo 54.2 e) do Estatuto dos Traballadores. Para estes efectos non se terá en conta o rendemento obtido no primeiro mes de prestación do traballo tendo en conta a falta de experiencia do traballador.

8. O traballador a quen non lle sexan facilitados pola empresa os servizos necesarios para alcanzar o rendemento mínimo deberá solicitar ao xefe de tráfico que lle faga constar por escrito tal circunstancia para efectos de non computar a devandita xornada para o cálculo do rendemento. O xefe de tráfico vén obrigado a expedir a correspondente anotación ou certificación en tal sentido.

9. A empresa, a petición do mensaxeiro, vén obrigada a exhibirlle os comprobantes dos servizos realizados durante o mes, co fin de poder efectuar o oportuno cotexo, podéndose facer acompañar en tal dilixencia do seu representante sindical na empresa.

Sección 2.^a Andaríns

Artigo 27. Contido da prestación.

Estarase ao disposto no artigo 23 deste convenio.

Artigo 28. Forma da prestación.

1. O traballador deberá cubrir persoal e escrupulosamente as follas de liquidación e demais documentos que as empresas implanten para o control dos servizos a efectuar, básicos para a correcta facturación destes.

2. O traballador está obrigado a servirse do equipo de traballo e ou uniforme que lle sexan facilitados, debendo utilízalos exclusivamente cos distintivos publicitarios e indicativos decididos pola empresa, non podendo levar ningún outro.

O traballador responderá ante a empresa da perda ou deterioración do devandito equipo de traballo e ou uniforme.

3. O traballador deberá dar conta á central, inmediata e telefonicamente, de calquera anomalía producida durante a realización do seu traballo, así como de calquera perturbación sufrida polo medio de transporte empregado.

4. É facultade das empresas a determinación da forma en que deben ser prestados os servizos.

Sección 3.^a De xeral aplicación

Artigo 29. Norma xeral.

1. Os traballadores realizarán a prestación do seu traballo de conformidade cos principios de boa fe e dilixencia aplicados aos respectivos postos de traballo.

2. As empresas poderán implantar os sistemas de medición do traballo que estimen convenientes, de conformidade cos métodos internacionalmente admitidos e sen prexuízo do establecido especificamente neste convenio.

Capítulo VI

Retribucións

Sección 1.^a Dos mensaxeiros

Artigo 30. Retribución por unidade de obra.

1. A retribución do mensaxeiro será a resultante de aplicar ás súas unidades de traballo os valores mínimos que, en función ao distinto número de habitantes da poboación onde radique o seu centro de traballo, se establecen nos seguintes cadros:

2006 (*) ()**

Unidades de traballo	N.º de habitantes das poboacións				
	Máis de 1.500.000	De 501.001 a 1.500.000	De 301.001 a 500.000	De 150.001 a 300.000	Menos de 150.001
Dirección urxente	1,67	1,25	1,15	1,03	0,97
Dirección estándar	1,25	0,97	0,91	1,03	0,97
Quilómetros	0,25	0,25	0,25	0,25	0,25
Exceso p.m.	0,83	0,83	0,83	0,83	0,83
Tempo espera	0,09	0,09	0,09	0,09	0,09
Coeficiente k	0,91	0,91	0,91	0,91	0,91

(*) Os valores da táboa para 2006 entrarán en vigor a partir da data de entrada en vigor do convenio. Ata devandita data rexerían os correspondentes á táboa anterior.

(**) Os valores da táboa incrementaranse nun 10 % cando os servizos sexan realizados nun vehículo a motor de catro rodas.

2. Ten «exceso» o obxecto transportado que supera as medidas e ou peso considerados habitualmente como normais.

Ten tal consideración o obxecto cun peso superior aos 10 Kg.

Igualmente aquel no que a suma das súas tres dimensións (longo, largo e alto) excede de 100 ctm. (deixando a salvo os distintos sistemas de cómputo establecidos polas empresas con anterioridade ao asinamento do presente convenio).

Para efectos do presente artigo por cada módulo ou fracción de 10 Kg. De peso ou 100 ctm. e medida que excedan dos primeiros percibirase o valor que figura na táboa que se consigna no número anterior.

3. Os valores indicados no cadro citado comprenden salario e gastos de locomoción, de acordo co que se especifica nos seguintes artigos, e exprésanse en euros por unidade de cómputo.

4. Cando a empresa poña a disposición do mensaxeiro un medio de comunicación a cargo daquela (emisora, «trunking», teléfono móbil, etcétera), que, facilitando o seu traballo e diminuíndo os seus gastos, lle permita un traballo máis cómodo e produtivo, compensarase esta circunstancia detraendo o importe dunha dirección (estándar, se a houber, ou normal) por cada xornada efectiva, no momento de retribuír o traballo realizado.

A utilización dos devanditos medios e a súa consecuencia retributiva será de libre aceptación por parte do mensaxeiro.

5. Retribuiranse as unidades de traballo efectivamente realizadas que consten en cada albará.

Artigo 31. Retribución mínima garantida.

Aplicando o sistema de cómputo a que se refire o artigo anterior garántese ao mensaxeiro, que realiza xornada completa todos os días laborais do mes, unha retribución mensual de 660,92 € para o ano 2006, en todo o ámbito territorial de aplicación do convenio.

Artigo 32. Gastos de locomoción.

1. A compensación dos gastos habidos polo mensaxeiro, como consecuencia da achega da súa motocicleta como ferramenta de traballo, efectuarase abonando ao traballador unha cantidade mensual en función aos quilómetros percorridos, de acordo coas seguintes fórmulas:

$$K_m = \frac{RUO \times P}{C} \qquad G = K_m \times P$$

Nas que as abreviaturas significan o corrente:

G = Gastos de locomoción.

Km = Quilómetro.

RUO = Retribución mensual por unidade de obra (artigo 30).

K = Coeficiente da poboación 0,91.

C = Constante de valor 0,78.

P = Prezo oficial do quilómetro a 0,19 €

2. O aboado como gastos de locomoción non ten carácter de salario, senón de resarcimento dos gastos necesarios para a realización do traballo, polo que non cotizarán á seguridade social, non serán computábeis para efectos de indemnización por cesamento ou despedimento e exceptuaranse de gravame para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. A cantidade que resulte como gastos de locomoción -de acordo co cálculo exposto no número 1 deste artigo- detraerase da retribución total mensual por unidade de obra (calculada de acordo co artigo 30 deste convenio).

4. O cálculo dos gastos de locomoción de acordo coa forma exposta no punto 1 deste artigo aplicarase sempre que o mensaxeiro alcance o rendemento mínimo exixíbel.

En caso contrario aboaráselle, como gastos de locomoción, a diferenza entre o importe da ROU e o valor da retribución mínima garantida no artigo 31.

5. Os «gastos de locomoción» comprenden todos os derivados da titularidade do vehículo: compra, amortización, mantemento, seguro, combustíbel, reparacións, casco, etc.

Artigo 33. Plus de perigosidade.

Aboarase aos mensaxeiros en contía equivalente ao 5 % da retribución por unidade de obra regulada no artigo 30 e non está comprendido nesta.

Sección 2.^a Dos andaríns

Artigo 34. Salario por unidade de tempo.

1. O andarín percibirá a retribución mensual fixada, para a súa categoría, no anexo II deste convenio.
2. A cantidade indicada na táboa corresponde á xornada ordinaria, percibíndose proporcionalmente de realizar outro inferior.

Artigo 35. Incentivos.

1. Como complemento por cantidade de traballo aboarase a cantidade de 0,36 € por cada dirección que supere as 322 mensuais.
2. Para efectos do previsto no apartado anterior páctase que cada seis Km. e/ou cada 30 minutos de tempo de espera equivalen a unha dirección.

Artigo 36. Gastos de locomoción.

O empresario aboará mensualmente ao andarín os gastos de transporte efectuados como consecuencia da realización do seu traballo, previa presentación dos oportunos xustificantes.

O andarín utilizará os medios de transporte e sistemas de tarifas destes, indicados pola empresa.

Sección 3.^a Restante persoal

Artigo 37. Retribución por unidade de tempo.

1. O persoal non comprendido nas dúas seccións anteriores percibirá a retribución mensual que se especifica -por categorías- na táboa que compón o anexo II deste convenio.
2. As cantidades indicadas na táboa corresponden á xornada ordinaria. De se realizar menor xornada, percibirase a retribución proporcionalmente.

Sección 4.^a Normas comúns

Artigo 38. Complemento por antigüidade.

1. Aboarase nas doce mensualidades ordinarias do ano a razón de 25,13 € por trienio, ata un máximo de seis, igual para todas as categorías, que rexerá sen alteración durante os tres anos de vixencia do convenio.
2. O aboamento iniciarase a partir do mes natural seguinte ao mes en que se cumpra cada trienio.

Artigo 39. Gratificacións extraordinarias.

1. Aboaranse dúas ao ano equivalentes a unha mensualidade calculada -para o mensaxeiro- a razón da media da retribución percibida (excluídos gastos de locomoción, antigüidade e plus de perigosidade) nos seis meses naturais anteriores ao mes de cobro.

Para o restante persoal o seu importe será igual a unha mensualidade da táboa salarial en función á súa categoría.

2. As gratificacións aboaranse nos meses de xullo e decembro de cada ano, como máximo os días 21 de cada un deles, en proporción aos días traballados nos seis meses naturais anteriores ou ben, mes a mes, prorrateadas.

Artigo 40. Impostos e seguridade social.

Correrán a cargo do traballador os impostos e cota obreira á seguridade social que legalmente graven o salario, sendo brutas as retribucións pactadas no presente convenio.

Artigo 41. Forma de pagamento.

1. O pagamento das retribucións efectuarase por meses vencidos, mediante cheque ou ingreso en conta corrente, dentro da primeira decena do mes natural seguinte.

2. No suposto de ingreso en conta o resgardo da transferencia poderá suplir a sinatura do traballador no recibo de salarios, se así interesa á empresa.

3. As empresas facilitarán ao seu persoal mensaxeiro a documentación necesaria (listaxes, resumos, ou copias dos albarás) para que poidan comprobar a correcta confección dos seus recibos de salarios.

Artigo 42. Cláusulas de revisión e incremento.

1. Os valores da retribución por unidade de obra do artigo 30 do convenio sufrirán unha revisión para o ano 2007 igual ao IPC real de 2006 máis 1 punto. Estes valores, unha vez fixados, non están suxeitos a revisión.

2. A retribución mínima garantida do artigo 31 e a táboa salarial do anexo II sufrirán as seguintes revisións:

Se o IPC de 2006, no seu conxunto estatal, fose superior ao 2 %, aplicarase un incremento igual aos puntos e/ou fracción que superen a devandita porcentaxe máis 1 punto, con efectos retroactivos ao 1-1-2006. No caso de que o devandito IPC real fose inferior ou igual ao 2 % previsto, a revisión garantirá o incremento do 1 % unicamente.

O 1.º de xaneiro de 2007, os referidos valores incrementaranse nunha porcentaxe equivalente á previsión inicial de incremento do IPC para o devandito ano, con revisión final diferencial á porcentaxe real de incremento do IPC máis 1 punto, con efectos retroactivos ao 1-1-2007.

3. Os restantes conceptos salariais e asistenciais non mencionados como revisábeis non sufrirán variación durante a vixencia do convenio.

Capítulo VII

Licenzas, suspensión e extinción do contrato de traballo

Artigo 43. Licenzas.

1. Os traballadores poderán disfrutar de permiso retribuído nos seguintes casos:

a) Por matrimonio do traballador: 15 días.

b) Polo nacemento de fillo ou polo falecemento, accidente ou enfermidade grave ou hospitalización de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade: dous días, dos cales un, polo menos, será laborábel.

Cando, con tal motivo, o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo será de 4 días naturais.

c) Por traslado do domicilio habitual: 1 día.

d) Para a renovación do permiso de conducir (para a categoría de mensaxeiros e condutores): 1 día.

e) Por cumprimento dun deber inescusábel de carácter público e persoal: o tempo indispensable.

Enténdese por tal comparecencia persoal e obrigatoria do traballador ante un organismo público ou autoridade a pedimento deste.

O traballador que acuda como demandante ante o organismo conciliador e xulgado do social percibirá a retribución correspondente ao tempo de licenza unicamente se prospera a súa petición.

Cando o cumprimento do deber supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis de 20 por 100 das horas laborables dun período de tres meses continuos ou alternos, poderá a empresa pasar ao traballador afectado á situación de excedencia forzosa.

f) Para realizar funcións sindicais ou de representación o persoal nos termos establecidos legalmente.

g) Para visitas de médicos especialistas da seguridade social: ata un máximo de 12 horas anuais.

h) Para asuntos propios: 1 día ao ano.

2. O traballador deberá acreditar ante a empresa o feito e demais circunstancias que dean lugar ao disfrute da licenza.

3. As licenzas solicitaranse por escrito ao xefe correspondente, coa máxima antelación.

Exceptúanse os casos de urxencia, nos que o traballador deberá comunicar o feito á súa empresa nas primeiras 24 horas, sen prexuízo da súa posterior xustificación.

4. As licenzas concederanse nas datas en que acontezan os feitos que as motiven.

5. No caso de que se superpoñan distintas causas de licenza concederase unicamente aquela que teña atribuída un maior número de días de disfrute.

6. As licenzas aboaranse de acordo co salario ordinario medio dos últimos seis meses, excluindo gastos de locomoción, gratificacións extraordinarias e plus de perigosidade.

7. As parellas de feito recoñecidas legalmente equipararanse ás unións de dereito para efectos do disposto no presente artigo.

Artigo 44. Suspensión e extinción do contrato.

1. Serán causas de suspensión e extinción do contrato as que se detallan nos artigos 45 e 49 do Estatuto dos Traballadores.

2. Para os mensaxeiros terase en conta o previsto especificamente no artigo 25.4 deste convenio.

CAPÍTULO VIII

Faltas e sancións

Artigo 45. Definición e clasificación.

1. Considerarase falta de toda acción ou omisión que supoña quebranto ou descoñecemento dos deberes recollidos nas disposicións legais en vigor e en especial polo presente convenio colectivo.

2. A inclusión nos anteriores grupos farase tendo en conta a gravidade intrínseca da falta, a importancia das súas consecuencias e a intención do actor.

Artigo 46. Faltas leves.

Sección 1.^a Xerais:

1. Dunha a tres faltas de puntualidade nun prazo de 30 días.

2. Non notificar con carácter previo a razón da ausencia do traballo a non ser que se probe a imposibilidade de o ter feito.

3. O abandono do traballo sen causa xustificada, aínda que sexa por breve tempo. Se como consecuencia disto se causase prexuízo dalgunha consideración á empresa ou aos compañeiros de traballo ou fose causa de accidente, esta falta poderá ser considerada como grave.

4. O uso indebido de ferramentas e útiles adecuados cando con iso se prexudique aos intereses da empresa.

5. A ostensiva falta de limpeza e hixiene persoal.

6. A falta de respecto cara ao público, mandos, subordinados e compañeiros.

7. Non comunicar á empresa os cambios de residencia ou de domicilio.

8. Discutir de forma acalorada cos compañeiros dentro da xornada de traballo.

9. Faltar ao traballo un día sen causa xustificada.

Sección 2.^a Específicas do persoal de tráfico:

10. Para os mensaxeiros, omitir sen causa de forza maior que o xustifique a instalación no ciclomotor ou motocicleta do habitáculo ou caixón para o depósito das mercadorías.

11. Non facer uso durante as horas de traballo do uniforme e complementos facilitados pola empresa.
12. Non levar no caixón para o depósito das mercadorías, ou o uniforme e complementos de traballo os distintivos ordenados pola empresa ou lucir nun ou outros, autocolantes ou inscricións alleas ás autorizadas.
13. Omitir nun albará de servizo os datos esenciais ou sinaturas de conformidade ou presentalos aos servizos administrativos da empresa en tal estado de deterioración que resulte incobrábel, por non poder determinarse neste o cliente solicitante, o importe ou calquera dos conformes.
14. Amosar ante o cliente unha conduta indecorosa que prexudique a imaxe da empresa, mediando queixa por escrito daquel.
15. Para os mensaxeiros, non facer uso do casco protector durante a condución do ciclomotor ou motocicleta.
16. A falta de comunicación telefónica á central logo de cumprimentar cada servizo.
17. Entregar, fóra dos prazos previstos nas normas internas, os albarás de facturación aos clientes.

Artigo 47. Faltas graves.

Sección 1.^a Xerais:

1. Tres faltas de asistencia ao traballo nun prazo de 45 días.
2. De catro a seis faltas de puntualidade nun prazo de 30 días.
3. A comisión de tres ou máis faltas leves distintas á puntualidade e asistencia nun prazo de 90 días.
4. A desobediencia ás ordes e instrucións do empresario ou mandos superiores no exercicio regular das súas facultades directivas. Se implicase quebranto manifesto da disciplina ou dela se derivase prexuízo grave e notorio para a empresa ou compañeiros de traballo, considerárase falta moi grave.
5. Simular a presenza doutro empregado ao traballo, asinando ou fichando por el.
6. A imprudencia en acto de servizo que implicase risco de accidente para si ou para os seus compañeiros ou perigo de avaría para as instalacións.
7. O acoso sexual, que define aquelas condutas verbais ou físicas de natureza sexual non desexadas e ofensivas para a persoa lesionada.
8. A discriminación por motivos étnicos, condición sexual ou confesión relixiosa.

Sección 2.^a Específicas do persoal de tráfico:

9. Omitir a conclusión dun servizo previamente aceptado alegando a finalización da xornada laboral.

10. Rexeitar a realización dun servizo ordinario sen que concorra causa xustificada.
11. A perda ou extravío da mercadoría imputábel ao traballador.
12. Demorar a realización dun servizo encomendado finxindo avaría ou accidente, extravío da mercadoría, roubo da moto ou de calquera dos seus elementos, problemas de tráfico ou calquera outro inconveniente inexistente.
13. Non entregar -nunha ocasión- á empresa (sen causa de forza maior que o impida) os albarás de facturación ao cliente.
14. Orixinar liortas e disputas cos seus compañeiros de traballo.

Artigo 48. Faltas moi graves.

Sección 1.^a Xerais:

1. Catro ou máis faltas de asistencia ao traballo nun prazo de 45 días.
2. Máis de seis faltas de puntualidade nun prazo de 30 días, salvo caso de forza maior.
3. Todas as consideradas como causa de despedimento no artigo 54.2 do Estatuto dos Traballadores.
4. A reincidencia en falta grave distinta ás de puntualidade e asistencia nun período de 120 días.
5. A fraude, furto ou roubo. Tanto aos seus compañeiros como á empresa ou a calquera persoa, realizando dentro das dependencias desta ou durante o acto de servizo en calquera lugar.
6. A simulación de enfermidade ou accidente. Entenderase sempre que existe falta cando un traballador en baixa por un de tales motivos realice traballos de calquera tipo por conta propia ou allea. Tamén se comprenderá neste apartado toda manipulación feita para prolongar a baixa por accidente ou enfermidade.
7. A embriaguez habitual ou toxicomanía se repercuten negativamente no traballo.
8. Os malos tratos de palabra ou obra ou falta grave de respecto e consideración aos xefes ou os seus familiares, así como aos compañeiros e subordinados.
9. Violar o segredo da correspondencia ou documentos propios ou confiados á empresa para o transporte.
10. Abandonar o traballo en postos de responsabilidade con grave risco para persoas ou bens.

Sección 2.^a Específicas do persoal de tráfico:

11. Falsear o albará do servizo imitando sinaturas dos clientes ou destinatarios ou liquidando neste importes distintos aos do servizo realizado.
12. Non entregar á empresa -en dúas ou máis ocasións no prazo de 120 días- os albarás de facturación ao cliente, sen causa de forza maior que o impida.

13. Para os mensaxeiros, a non consecución do rendemento pactado no artigo 26 deste convenio.

Artigo 49. Sancións.

1. Por faltas leves: amoestacións por escrito.
2. Por faltas graves: suspensión de emprego e soldo de 1 a 15 días.
3. Por faltas moi graves:

Suspensión de emprego e soldo de 16 a 120 días.

Despedimento.

Artigo 50. Obriga de non concorrencia.

O persoal obrígase a non efectuar, por conta propia ou doutras empresas de mensaxería, os traballos específicos que constitúen o obxecto da actividade de tales empresas, considerándose concorrencia desleal e transgresión da boa fe contractual o cumprimento deste deber.

CAPÍTULO IX

Disposicións varias

Artigo 51. Acción sindical.

1. Nesta materia estarase ao disposto no Estatuto dos Traballadores e a Lei Orgánica de Liberdade Sindical.
2. Poderán acumularse trimestralmente as horas dos distintos membros do comité de empresa e, se é o caso, dos delegados de persoal nun ou varios dos seus compoñentes, sen pasar o máximo total, podendo quedar relevado ou relevados do traballo sen prexuízo da súa remuneración.

O aboamento das devanditas horas efectuarase a razón da media de retribucións percibidas nos últimos seis meses excluídos gastos de locomoción e gratificacións extraordinarias.

3. As empresas procederán ao desconto da cota sindical sobre os salarios e á correspondente transferencia a solicitude do sindicato do traballador e previa conformidade, sempre, deste.

Artigo 52. Equipo de traballo.

1. A empresa entregará aos mensaxeiros, andaríns e condutores cada dous anos traxe de auga, uniforme de verán e unha peza de abrigo (barbur ou similar).
2. Así mesmo facilitará unha carretilla aos condutores, unha bolsa ou mochila aos andaríns e mensaxeiros, podéndose substituír para estes últimos por unha caixa.
3. O prazo ampliarase a tres anos no contrato de xornada reducida.

Artigo 53. Seguro de accidentes de traballo.

1. As empresas contratarán a favor dos seus traballadores un seguro con capitais asegurados de 15.025 € para o caso de morte e 21.035 € o de invalidez permanente e absoluta para todo traballo.

2. Este seguro cubrirá o risco de accidente de traballo e será independente das prestacións derivadas á pertenza ao réxime xeral da seguridade social.

3. As primas derivadas da contratación do seguro serán a cargo da empresa que asumirá exclusivamente a devandita obriga.

O pagamento dos capitais asegurados será por conta da compañía aseguradora.

Artigo 54. Complemento I.T.

1. Nos procesos por incapacidade temporal derivada de accidentes de traballo -e con independencia da prestación correspondente da seguridade social- a empresa aboará ao traballador unha prestación consistente nun 25 % da base que servise para o cálculo da prestación regulamentaria.

2. Esta prestación aboarase soamente nos procesos de duración superior a 21 días e desde o primeiro.

Artigo 55. Suspensión do permiso de condución.

1. Cando a un mensaxeiro ou a un condutor lle fose suspendido o permiso de condución (como consecuencia de feito acontecido durante a prestación do seu traballo) tal feito producirá os seguintes efectos:

2. O contrato quedará en suspenso desde o momento da suspensión do servizo ata un máximo de 90 días, cesando a obriga de aboar salario e de cotización á Seguridade Social.

3. Se existise un posto de traballo ao que puidese destinarse provisionalmente ao traballador a empresa ofrecererallo, podendo aquel aceptalo ou rexeitalo.

4. Se o acepta, realizará o traballo e percibirá a remuneración correspondente o novo posto de traballo.

Se non o acepta, operará a suspensión á que se refire o apartado anterior.

5. Estas situacións terán unha duración máxima de 90 días, a contar desde o primeiro da suspensión do permiso.

Chegando o día 91 sen que o traballador recuperase o seu permiso, o contrato extinguirase definitivamente, pola imposibilidade do cumprimento da prestación laboral.

6. Se antes de transcorrer o devandito prazo o traballador recuperase o seu permiso de condución, cesará a situación de suspensión ou de traballo alternativo, volvendo realizar as funcións propias da súa categoría.

7. Se a suspensión fose como consecuencia de feito alleo á prestación do traballo operará soamente a suspensión contractual polo máximo indicado sen que exista obriga empresarial de ofrecer posto de traballo alternativo.

Artigo 56. Recoñecementos médicos anuais.

Anualmente, e a petición do traballador, levarase a cabo un recoñecemento polos servizos médicos contratados pola empresa, facilitándose copia do resultado deste ao servizo médico de empresa, se o houber, e ao traballador.

Disposición adicional primeira. Pagamento de atrasos.

Co fin de que as empresas efectúen o abonamento dos atrasos que sexan procedentes, dispoñerán para iso dun prazo que finalizará aos 60 días seguintes ao de entrada en vigor do presente convenio.

Disposición adicional segunda. Cláusula de descolgue.

Estarase ao disposto no terceiro parágrafo do artigo 82,3 do Estatuto dos Traballadores.

Disposición adicional terceira. Lei de prevención de riscos.

As partes comprométense a aplicar en todos os seus termos, e dentro da vixencia do presente convenio colectivo, o contido íntegro para o sector da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Disposición adicional transitoria.

Co fin de afondar na evolución e nas necesarias transformacións que na prestación dos servizos de mensaxería se están a dar e favorecer políticas empresariais neste sector, dirixidas á consolidación do emprego, a redución do absentismo e un mellor control empresarial dos custos de produción, así como prestar unha maior atención á Saúde Laboral e á Prevención de Riscos Laborais, as partes asinantes do presente Convenio Colectivo acordan crear un grupo paritario de traballo, que terá como obxectivo elaborar un estudo sobre estas tendencias e en concreto as relacionadas coa utilización dos equipos de traballo e equipos de protección individual (EPI) específicos deste sector produtivo, tanto dos que a titularidade sexa da empresa, como dos que sexan fornecidos polo traballador.

Este grupo de traballo, formado por 8 membros, enviará as súas conclusións á mesa da Comisión Negociadora do próximo convenio colectivo, para que, nese marco, sexan materia de negociación e ratificación, se é o caso.

ANEXO I

Categorías profesionais

a) Enumeración:

Grupo cotización Seguridade Social

Grupo 1. Persoal de tráfico:

1. Mensaxeiro	8
2. Conductor	8
3. Andarín	9
Grupo 2. Persoal administrativo, informativo e de control:	
4. Xefe 1. ^a	3
5. Xefe 2. ^a	3
6. Oficial 1. ^a	5
7. Oficial 2. ^a	5
8. Auxiliar	7
9. Aspirante	11
Grupo 3. Persoal subalterno e de oficios varios:	
10. Ordenanza	6
11. Vixilante	6
12. Encargado de oficios varios	5
13. Oficial de oficios varios	8
14. Mozo ou peón	10

b) Definicións:

Persoal de tráfico: É o que realiza persoalmente os traballos de mensaxería.

1. Mensaxeiro: É o traballador que ten como actividade a realización persoal dos servizos de recollida, trámite, custodia, transporte e entrega de documentos, mercadorías e pequena paquetería en xeral.

Os servizos a realizar e as rutas a percorrer seranlles marcadas en cada momento polo xefe de tráfico podendo aquelas ser variábeis ou estar adscrito, con carácter sempre temporal, á realización de dilixencias para un ou varios clientes fixos.

2. Conductor:

a) De vehículos lixeiros de mensaxería: É o empregado por conta allea que conduce un vehículo lixeiro de catro rodas, propiedade da empresa, que ten como actividade a realización persoal dos servizos de recollida, trámite, custodia e entrega de documentos, mercadorías e pequena paquetería en xeral.

b) De motocicleta ou ciclomotor: É o empregado por conta allea que conduce un vehículo a motor de dúas rodas, propiedade da empresa, que ten como actividade a realización persoal dos servizos de recollida, trámite, custodia, transporte e entrega de documentos e pequena paquetería.

3. Andarín: A súa función redúcese a realizar misións de pequeno transporte dentro dun limitado radio de acción, seguindo as instrucións emanadas en cada caso do encargado de organizar o servizo.

Para efectuar o seu traballo o andarín utilizará os medios públicos de transporte, urbanos e/ou interurbanos, ou ben -cando as distancias a percorrer razoabelmente o permitan- realizará o servizo andando.

Persoal de control e administrativo: É o empregado en traballos de organización comercial, administración e control do transporte e o informático complementario necesario para o funcionamento das empresas.

4. Xefe de 1.^a: É o empregado que, ao mando doutros xefes, leva a dirección dun centro de traballo ou conxunto de unidades operativas.

5. Xefe de 2.^a: É o empregado que dirixe a actividade dunha unidade operativa ou centro de traballo de ter este un persoal de persoal administrativo igual ou superior a 10 traballadores.

6. Oficial de 1.^a: É o traballador que baixo a súa propia responsabilidade realiza coa máxima perfección traballos que requiren iniciativa, podendo ter baixo o seu mando a persoal administrativo de inferior categoría.

Adscribense a esta categoría os programadores informáticos.

7. Oficial de 2.^a: É o empregado que, con iniciativa e responsabilidade restrinxida, realiza traballos secundarios que só exixen coñecementos xerais da técnica administrativa.

Adscribense a esta categoría os controladores de tráfico e promotores comerciais.

8. Auxiliares: É o traballador maior de 18 anos que se dedica a operacións administrativas elementais e mecánicas necesarias axudando a oficiais e xefes. Pode manexar máquinas de oficina e terminais de ordenador.

9. Aspirantes: Son os traballadores de 16 e 17 anos que inician a súa actividade laboral realizando unha actividade preparatoria á administrativa.

Ao cumprir os 18 anos de idade (con efectos do día 1.^o do mes natural seguinte) pasarán automaticamente á categoría de auxiliares.

Persoal subalterno e de oficios varios: É o que realiza labores accesorios e complementarios ás actividades principais da empresa.

10. Ordenanza: É quen realiza recados dentro e fóra da oficina así como traballos auxiliares nesta tales como copia de documentos, franqueo de correspondencia, etc.

11. Vixiantes: Ten ao seu cargo o servizo de vixilancia nocturna ou diúrna dos locais, podendo poñer en marcha e para servizos de calefacción, refrixeración, etc., así como realizar, durante a súa xornada, outros traballos que non impidan a súa función principal de vixilancia.

12. Encargado de oficios varios: É quen tendo coñecemento dos distintos oficios, podendo ter baixo o seu mando a oficiais e peóns de diversos oficios, realiza e dirixe labores de mantemento e conservación dos locais e maquinaria das empresas.

13. Oficial de oficios varios: Inclúe o persoal como mecánicos, carpinteiros, electricistas, etc., que, con perfecto coñecemento dun ou varios oficios, e seguindo as directrices e ordes da empresa leva a cabo o seu cometido con plena responsabilidade e autonomía.

14. Mozo ou peón: É o traballador que realiza principalmente funcións manuais nas que predomina o esforzo.

Adscríbese a esta categoría o persoal de limpeza.

ANEXO II

Táboa salarial 2006

Categorías profesionais	Salario mensual - Euros
Xefe 1. ^a	993,25
Xefe 2. ^a	923,19
Oficial 1. ^a	901,78
Oficial 2. ^a	785,64
Auxiliar	660,92
Aspirante de 16 e 17 anos	551,72
Ordenanza	585,83
Vixilante	576,27
Encargado de oficios varios	854,13
Oficial de oficios varios	774,08
Mozo ou peón	585,83
Andarín	585,83
Conductor	751,05